

Decreto 356/14

Santiago V. Amor Barreiro, alcalde presidente do Concello de Ames (A Coruña).

As bonificacións aplicadas nos servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral, así como o encadramento dos usuarios nos tramos de cota tributaria regulados na ordenanza reguladora da taxa esixida por aqueles, veñen amosando dende hai anos unha gran problemática, derivada do elevado número de persoas que fan uso dos mesmos, e do número de particularidades que se presentan, que resultan imposibles de prever nas ordenanzas reguladoras do servizo e da taxa percibida polo mesmo.

Por elo, e co fin de garantir a seguridade xurídica dos usuarios, resulta conveniente explicar os criterios interpretativos que veñen sendo empregados habitualmente tanto na valoración das bonificacións, como no encadramento dos usuarios nos distintos chanzos da taxa.

En base a este razoamento, foi aprobado o decreto nº 2237/12, ao que se deu a oportuna publicidade a través do portal [www.conciliames.org](http://www.conciliames.org).

Pero son precisamente as razóns indicadas no primeiro parágrafo as que fan que as características do conxunto de usuarios dos servizos complementarios vaian mudando co tempo, e co contexto económico e social, esixindo unha actualización permanente dos criterios interpretativos.

De acordo co principio de seguridade xurídica, cómpre proceder á refundición dos novos criterios cos xa existentes, de feito que os interesados dispoñan dun único documento no que se aborden de xeito conxunto todas as regras de interpretación tidas en conta polo Concello á hora de aplicar as seguintes normas:

1. Regulamento do funcionamento do servizo `Bos Días Cole`
2. Regulamento do funcionamento do servizo `Tardes Divertidas`
3. Regulamento do servizo de comedores escolares
4. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente a prevista no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolve:

**Primeiro.-** Aprobar os seguintes criterios, e a súa incorporación ao texto dos regulamento e ordenanzas correspondentes en canto resulte posible.

#### **CRITERIOS APLICABLES Á DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR:**

1. Compoñen a unidade familiar a estes efectos:
  - a) Os pais non separados legalmente, e no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
  - b) Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
  - c) Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - d) Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que solicite a bonificación ou o servizo, sempre que non tiveran un contrato de traballo ou perciban recursos (agás bolsas), durante o ano inmediato anterior.
  - e) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e reúnan os requisitos do apartado anterior.
  - f) No caso de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, baixa no correspondente rexistro de parellas de feito, e convenio regulador onde conste a custodia do menor.
  - g) A efectos de cálculo da RPC, será considerado membro da unidade familiar o/a fillo/a que pese a non convivir na unidade, reciban pensión alimenticia do pai/nai. Para elo deberá aportarse a sentenza onde se regule a pensión, así como xustificación documental do cumprimento da mesma.

2. O proxenitor no custodio que formule unha solicitude deberá acreditar a continuidade da situación de separación. A situación de cada unidade familiar será valorada de xeito diferenciado unicamente en caso de que a solicitude responda a unha estancia temporal do fillo/a motivada por un período vacacional o similar. En caso contrario considerarase que o solicitante volve a formar parte da unidade familiar.
3. As solicitudes de bonificación de taxas para distintos cursos e/ou servizos solicitadas por proxenitores non separados ou separados cun custodia compartida tramitaranse de xeito unitario, ao igual que se existe unha bonificación recoñecida a instancia dun destes.
4. En caso de existir unha orde de afastamento, presumirase que a persoa á que esta se refire non forma parte da unidade familiar. A demanda de incumprimento das obrigas de pago contidas nun convenio regulador de medidas paterno filiais poderá ser substituído por un informe dos servizos sociais acreditativo dunha situación de violencia de xénero.
5. Só se aceptarán a trámite as solicitudes de revisión da cota a pagar en caso de ruptura da unidade familiar por separación dos proxenitores, sempre e cando tales circunstancias se produzan con carácter posterior ao remate dos prazos de matrícula e renovación.
6. Nos casos que non exista Resolución de revisión á data de aprobación do censo de xaneiro, seguirase a aplicar a cota resultante da última bonificación aprobada, sen prexuízo da regularización posterior que deriva da Resolución que se adopte.
7. En caso de estranxeiros, acéptase como documento acreditativo da existencia de medidas paterno-filiais un convenio regulador asinado polos proxenitores, outorgado ante notario e legalmente traducido.
8. Os nenos en réxime de acollemento non computaran como membros da unidade familiar ate que proceda valorar a capacidade económica en base á renda percibida no ano en que se producira o acollemento.

**CRITERIOS DE APLICACIÓN ÁS FAMILIAS DE ESPECIAL CONSIDERACIÓN** (lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia):

- 1 Familia numerosa:
  - a. Considérase que esta existe dende a data de expedición do título.
  - b. O título deberá estar vixente no momento da revisión de bonificacións.
  - c. Será preciso que no/s Libro/s de familia consten todos os integrantes que figuren no título de familia numerosa.
  - d. Non se requirirá a presentación de medidas paterno-filiais.
  - e. Admitiranse os títulos de familia numerosa expedidos por outras Comunidades Autónomas.
  - f. Admitiranse como solicitantes aos centros tutelares de menores sempre e cando os usuarios formen parte dun título de familia numerosa.
- 2 Familia monoparental:
  - a. Considérase que esta existe desde que un dos proxenitores pase a asumir en solitario o sostemento do/s fillo/s (sentenza da retirada da patria potestade, falecemento, etc).
  - b. No caso de proxenitores separados, cando exista unha sentenza de medidas paterno filiais na que non se contemple o recoñecemento dunha pensión alimenticia, tendo o/a solicitante a custodia, e sendo a patria potestade compartida, considerarase que a unidade familiar é monoparental.
  - c. En caso de existir unha orde de afastamento vixente, presumirase que unidade familiar é monoparental.
- 3 Familias con persoas maiores a cargo:
  - a. O/s maiores a cargo deberán estar empadroados no domicilio familiar un mínimo de 6 meses do ano fiscal que se valore (criterio empregado no IRPF para aplicar o mínimo por ascendente).
  - b. O maior deberá ter un mínimo de 65 anos na data da solicitude.
- 4 Familias con persoas discapacitadas ao cargo:
  - a. O/s discapacitado deberán estar empadroados no domicilio familiar un mínimo de 6 meses do ano fiscal que se valore (criterio empregado no IRPF para aplicar o mínimo por ascendente).

- b. Considérase a discapacidade do solicitante e da parella.
  - c. A condición de discapacidade deberá cumprila na data da solicitude.
  - d. Admitiranse como solicitantes aos centros tutelares de menores sempre e cando os usuarios teñan recoñecido algún grao de discapacidade.
- 5 Familias con dependentes a cargo:
- a. Considérase dende a data da concesión do título e deberá estar empadroada no domicilio familiar no momento da solicitude.
  - b. Admitiranse como solicitantes aos centros tutelares de menores sempre e cando os usuarios teñan recoñecido algún grao de dependencia.
- 6 Familias acolledoras: considérase dende a data da resolución da consideración de familia acollidora.

### **CRITERIOS APLICABLES Á DETERMINACIÓN DOS INGRESOS.**

- 1 Cando o/a solicitante da axuda declare que o outro pai/nai non colabora no sostemento do neno/a, e non aporten medidas paterno filiais aprobadas, requiriranse por escrito a súa presentación. En caso de non seren aportadas, aplicarase a cota máxima.
- 2 No caso de separación con custodia compartida, valorarase a renda dos dous proxenitores.
- 3 Cando no certificado emitido pola AEAT non se especifique a base imponible, a determinación desta efectuarase a partir dos datos que figuran na mesma, minorando da suma dos ingresos o total dos gastos de carácter deducible.
- 4 Cando a renda per cápita da unidade familiar (RPC) do usuario sexa inferior ao 25% do IPREM, a valoración da capacidade económica será efectuada pola vía alternativa sinalada no artigo 7 da ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios, en base á documentación que no mesmo se indica, referida aos seis meses anteriores á data de formulación da solicitude. A avaliación da capacidade económica do usuario axustarase en tal caso aos seguintes criterios:
  - 4.1 En caso de dispoñer dun extracto bancario, aportado voluntariamente polo interesado, este deberá referirse aos seis meses inmediatamente anteriores á data de presentación. Para obter o cómputo dos ingresos anuais, multiplicaranse por dous a suma dos ingresos reflectidos nos extractos.
  - 4.2 En defecto do anterior, para a valoración dos saldos medios aos que se refire o artigo 7 da Ordenanza, sumarase o saldo de todas as contas das que sexan titulares os membros da unidade familiar, e dividirase o importe así obtido entre o número de membros desta. Denegarase a bonificación cando o resultado exceda ao custe de asistencia ao comedor 5 días á semana durante 6 meses, aplicando a cota correspondente ao tramo de renda máis baixa.
  - 4.3 Por asimilación ao indicado no artigo 6.5 da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, non se terán en conta os bens inmobles cuxa valor catastral non exceda dos seguintes importes:
    - Bens inmobles de natureza rústica: 3.030,30 €.
    - Bens inmobles de natureza urbán 2.272,73 €.
- 5 A efectos do cálculo da RPC no caso de fillos maiores de 18 anos que convivan ca unidade familiar:
  - 5.1 Considerarase que teñen contrato, se os seus ingresos acadan o 100 % do IPREM anual (con pagas extras) fixado para o exercicio que se estea a valorar.
  - 5.2 Só serán computados os seus ingresos, e computará como membro da unidade familiar, se os

seus ingresos son inferiores ao 100 % do IPREM anual con pagas extras, fixado para o exercicio que se estea a valorar

- 6 Para o cálculo dos ingresos dun solicitante separado legalmente no curso corrente, tomaranse os datos fiscais sen computar a pensión alimenticia (ao non terse percibido esta no exercicio fiscal valorado). No caso de declaración conxunta (dos cónxuxes), solicitarase ao interesado a presentación de información fiscal expedida pola AEAT acerca de imputación de rendas individuais.
- 7 Os ingresos percibidos como consecuencia da resolución dunha demanda de impago serán computados no exercicio en que sexan aboados. Elo non exime de que a pensión que corresponda a ese ano sexa tamén considerada, salvo que medie outra demanda ou ampliación da mesma polo o período a valorar.
- 8 A mención ás pensións recollida no artigo 11.5.2 c) da Ordenanza fiscal xeral enténdese referida nestes casos tanto ás pensións compensatorias como ás alimentarias. A non consideración como ingreso destas pensións requirirá da presentación por parte do solicitante dunha demanda xudicial por impago das mesmas, ou ben dunha solicitude/concesión de xustiza gratuíta para a tramitación de dita demanda, sempre e cando non transcorreran máis de seis meses dende a formulación daquela, ou desde a concesión, por considerar que o caso contrario é mostra da inactividade do solicitante en relación a aqueles procedementos.  
  
Este mesmo criterio aplicarase na revisión das bonificacións, e aos solicitantes que declaren ademais a separación dos cónxuxes mediante a presentación dunha solicitude de concesión da xustiza gratuíta, ao respecto da documentación que acredite o avance efectivo do proceso de separación.
9. Para a revisión anual das bonificacións con data un de xaneiro, a documentación a requirir nos casos en que a da valoración do certificado da AEAT resulte unha RPC familiar < 25% do IPREM estará referida aos ingresos correspondentes ao 2º semestre do ano anterior.
10. Cando se perciba unha pensión por orde xudicial, os xuros non tomarán parte do cómputo da PRC. Consideraranse gastos de carácter deducible os xudiciais, de notario e avogado derivados da tramitación dunha denuncia de falta de pagamento dunha pensión.

## **OUTROS CRITERIOS.**

- 1 Non se aplicará bonificacións aos usuarios que fagan uso dos servizos complementarios en frecuencias distintas das establecidas.
- 2 Cando na revisión de bonificacións un usuario solicite unha axuda distinta á inicialmente concedida, considérase que está a formular unha nova solicitude de bonificación. En consecuencia, de resultar máis beneficiosa para o solicitante, esta non se aplicará con efectos retroactivos, senón a partir do primeiro día da quincena en que foi solicitada.
- 3 No caso de unidades familiares cuxa renda sexa < 25% do IPREM, a cota tributaria aplicada no curso anterior (cero) se estenderá ate a seguinte revisión de bonificacións, momento en que se efectuará unha nova valoración da cota.
- 4 Ao abeiro do previsto no artigo 137.3 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, o incumprimento dos requisitos esixidos para a aplicación do beneficio fiscal determinará a perda do dereito á súa aplicación desde que se produza o devandito incumprimento sen necesidade de declaración administrativa previa. En consecuencia, cando o Concello teña coñecemento formal do incumprimento por parte dun usuario/a das condicións tidas en conta para a concesión dunha bonificación, iniciará as actuacións tendentes á comprobación de tal circunstancia, que en caso de resultar acreditada determinará a perda do dereito á bonificación.
- 5 Aos efectos da extensión das bonificacións concedidas, ao inicio do curso comprobarase o cumprimento das obrigas tributarias co Concello por parte dos integrantes maiores de idade da unidade familiar do usuario; ao abeiro do previsto no artigo 137.3 do Real Decreto 1065/2007, o incumprimento de tales obrigas determinará a perda do dereito á bonificación.
- 6 Aínda que se resolva con posterioridade, a revisión de bonificacións terá igualmente efectos a partir do mes xaneiro, a fin de non prexudicar/beneficiar aos usuarios cuxos expedientes foran resoltos con

algún tipo de demora.

- 7 Cando de acordo co previsto na ordenanza fiscal xeral, se considere que existe ocultación de información, será de aplicación a cota máxima ate a próxima revisión en xaneiro ou ate o remate do curso, de estar máis próximo este.
- 8 A non existencia de medidas paterno filiais de proxenitores non residentes en España poderán ser acreditadas mediante declaración xurada (Anexo 1 do decreto 698/13). A citada declaración terá validez ate a seguinte revisións de bonificacións, ou o seguinte cálculo de cota.
- 9 Cando se produza un cambio na cota tributaria dos servizos motivada pola revisión das bonificacións no mes de xaneiro, este cambio terá efecto ata fin de curso.
- 10 A extensión de beneficios fiscais á que se refire o artigo 9.1 parágrafo 3º da ordenanza está supeditada ás limitacións que poida establecer os informes dos servizos sociais ao respecto dun fillo/curso/programa ou período determinado.
- 11 Cando remate o prazo sinalado nun informe de servizos sociais, resultará de aplicación a cota (bonificada no seu caso) vixente antes do inicio daquel prazo.
- 12 A denegación dunha solicitude de bonificación afectará ao resto de irmáns que viñeran facendo uso dos servizos complementarios, excepto que un informe de servizos sociais estableza o contrario.

**Segundo.-** Déixase sen efecto o decreto 2237/2012.

Ames, a 6 de febreiro de 2014.

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo